

RESUME DE AS ASAMBLEARIAS, DE ARISTÓFANES

As mulleres de Atenas, dirixidas por Praxágora, deciden disfrazarse de homes –para o cal rouban a roupa e o calzado ós seus maridos- co fin de asistir á Asamblea popular e modificar a lexislación ateniense en varios aspectos; o principal consiste en que, no sucesivo, o poder será exercido polas propias mulleres.

Intervén o coro, que representa ás mulleres cantando mentres marchan cara ó lugar de celebración da Asamblea.

Blépiro, esposo de Praxágora, érguese pola mañá e non atopa a súa roupa. Sae á rúa e ve a un veciño ó que lle aconteceu o mesmo. Ó pouco, aparece Cremes, amigo de Blépiro, que lle informa das medidas que se acaban de aprobar na Asamblea popular: a partir daquel momento, as mulleres van ter o poder de decisión sobre todos os asuntos públicos.

Intervén o coro de novo: as mulleres veñen de volta da Asamblea para quitar os disfraces e recuperar o seu aspecto cotián.

Praxágora atopa a Blépiro no limiar da súa casa; comezan a discutir. Aparece de novo Cremes e os tres conversan sobre as decisións tomadas pola Asamblea. Praxágora comeza a detallalas: desaparecerá a propiedade privada, e todos deben aportar as súas posesións a un fondo común, do que se irán extraendo recursos para servir ás necesidades dos cidadáns. Como consecuencia, deberán desaparecer a pobreza e os conflitos motivados polo desigual reparto da riqueza. Por outra banda, o amor e o sexo serán libres. Diante deste último, Blépiro obxecta que todos os homes queren deitarse coas mulleres máis fermosas; Praxágora replica que todo home que pretenda deitarse cunha muller fermosa, deberá facelo antes cunha menos agraciada. Praxágora continúa a súa exposición, dicindo agora que non haberá máis procesos xudiciais, xa que a maioría dos preitos eran causados por conflitos derivados da existencia da propiedade privada; ó abolirse esta, os preitos xa non terán razón de existir. Finalmente, Praxágora expón que todas as sedes dos tribunais serán convertidas agora en locais para servir ceas públicas. Logo de explicar esto último, marcha a supervisar a entrega dos bens de cada cidadán ó fondo público; Blépiro vai con ela.

Cremes dispónse a baleirar a súa casa de propiedades para aportalas ó fondo común, e atópase cun veciño desconfiado e escéptico, que declara que non se vai desfacer do seu antes de ver o que fai a maioría dos cidadáns.

Aparece un heraldo, que anuncia o procedemento a seguir para participar na cea pública. Cremes e o veciño póñense en marcha, o primeiro deles acompañado dos seus escravos, que van transportando os seus bens.

Reaparece o coro, e tamén veñen unha vella e unha rapaza nova. As dúas pretenden ter prioridade en servirse sexualmente do primeiro mozo que pase, e incrépanse mutuamente. Aparece un rapaz, Epíxenes, que manifesta a súa intención de deitarse coa rapaza nova. A vella interpónse, reclamando os seus dereitos de acordo coas novas leis. Fai acto de presenza outra vella, que declara ter prioridade sobre a primeira; engádese unha terceira, e a escena convértese nunha competición por obter os favores sexuais de Epíxenes. Dúas vellas conseguen levalo a rastras.

Aparece unha criada, algo bébeda, que vén buscar a Blépiro, que aínda está na casa e chega con retraso á cea. Blépiro marcha ledoo, acompañado polo coro.